



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

xgl-18/2017

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28/09/2017, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Soledad Vilela Romero

Xan Carlos Sar Oliveira

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

Non asiste

Teresa Fernández Martínez

(Xustificada)

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Adjudicación definitiva Parque de San Roque.---
- 4º.- Expediente contratación Obra " Saneamento e Pavimentación Vilar".-
- 5º.- Expediente contratación Obra Urbanización da Insua 2ª Fase.--
- 6º.- Expediente contratación Obra Camiños AGADER.--
- 7º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **28/09/2017** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 14 de Setembro de 2017 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte da **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO CASTELAO** (Rexistro de Entrada 20179990000014 de 18/08/2017) para proceder á realización de obras consistentes no illamento térmico exterior, reparación de terra interior, substitución tubos de auga, revisión baixantes de auga, rebaixe chan, retirada de xardineiras, impermeabilización así como reparación da cuberta nunha edificación sita na citada Rúa (Referencia Catastral 8803311MH7520S) ,

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 28 de Setembro de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **JUAN FRANCISCO TRABA MARTÍNEZ**, (Rexistro de Entrada 1.587 de 1/06/2017) para proceder á realización de obras de construción dun peche de pedra nunha lonxitude de 26 metros e altura de 1,20 metros polo fronte dunha (Referencia Catastral 8112611MH7581S0001IU),

Resultando que no informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 21 de Setembro de 2017 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, condicionada a que :

- 1) O peche en cuestión deberá axustarse a Catro metros (4) da via pública existente nesa zona.-
- 2) Antes do comezo das obras deberá poñelo en coñecemento deste Concello para estar presente na acta de replanteo.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSÉ MANUEL MOURE SANTOS, (Rexistro de Entrada 2.593 de 5/09/2017) para proceder á realización de obras consistentes no pintado das fachadas dunha vivenda (Referencia Catastral001900500MH75D0001AQ),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 28 de Setembro de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSEFA LÓPEZ SENLLE, (Rexistro de Entrada 201799900000012 de 130/07/2017) para proceder á realización de obras consistentes na consolidación dun muro e construción de escaleira exterior de formigón armado, nunha parcela (Referencia Catastral 8504507MH7580S0001UD),

Resultando que no informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental con data 27 de Setembro de 2017 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio no informe emitido con data 13/09/2017 que consta no expediente e do que se dará traslado á interesada,

B) Visto o informe desfavorable emitido pola Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación de data 21/09/2017, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Denegar a Licenza Urbanística solicitada por JUAN MIGUEL TRABA FERNÁNDEZ, para proceder á realización de obras de conexión ao saneamento da rede xeral con destino a unha vivenda unifamiliar sita no Termo Municipal de Fisterra; toda vez que non queda xustificando no expediente que a tubaría á que se pretende conectar teña un diámetro mínimo de 160 mm.-

2) Notificar este acordo ó promotor para o seu coñecemento cos recursos legalmente establecidos.

3º.- Adxudicación definitiva Parque de San Roque---

Examinado o expediente por procedemento negociado coa finalidade de levar a cabo a contratación mediante Procedemento Negociado da Obra denominada "Reforma do Parque Infantil de San Roque" cun presuposto de execución que ascende a un importe de Sesenta e catro mil oitocentos trinta e seis

euros con vinte e seis céntimos (64.836,26 €) incluída no Plan de Acción Social da Excmá Diputación Provincial - Anualidade 2015 -,

Resultando que por parte da Empresa Búa Construcciones y Servicios S.L., foi presentada a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, a garantía definitiva así como os medios personais e materiais que vai a adscribir á execución da Obra en cuestión.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente a obra en cuestión en favor de Búa Construcciones y Servicios S.L., con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo, Termo Municipal de Dumbria, CP 15152, Provincia de A Coruña nun importe de Cincuenta e tres mil trescentos oitenta e oito euros con corenta e tres céntimos (53.388,43 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Once mil douscentos once mil euros con cincuenta e sete céntimos (11.211,57 €) que supón unha baixa de Douscentos trinta e seis euros con vinte e seis céntimos (236,26 €) en relación co tipo de licitación.--

2º.- Facer saber ó adxudicatario que deberá formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación, non mais tarde dos quince días hábiles (15) seguintes a aquél en que reciba a notificación deste acordo.--

Asimesmo notificaráse dito acordo ós licitadores presentados, publicándose no Boletín Oficial da Provincia aos efectos legalmente establecidos.-

3º.- Designar como Técnica Directora da Obra e Coordinadora de Seguridade e Saúde, a Arquitecta Carolina Cajide Barbeito que actualmente ven prestando servizos urbanísticos dentro desta Corporación.--

4º.- Expediente contratación Obra " Saneamento e Pavimentación Vilar ".-

Vista a Valoración Definitiva efectuada polo órgano encargado da negociación en reunión do día 21 de Setembro de 2017 sobre as novas ofertas, relativas a económica e porcentaxe do control de calidade, presentadas polas Empresas que accederon á licitación convocada para contratación mediante Procedemento Negociado do Proxecto da Obra denominada “ Saneamento e Pavimentación de Vilar “ cun presuposto de execución que ascende a un importe de Cento vinte mil cincuenta e dous euros con vinte e catro céntimos (120.052,24 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro do Convenio 82/2017 formalizado coa Excmá Deputación Provincial o día 12 de Xullo de 2017. que a continuación se indica :

PUNTUACIÓN FINAL

<u>EMPRESA</u>	<u>VALORACIÓN TÉCNICA</u>	<u>VALORACIÓN ECONÓMICA</u>	<u>TOTAL</u>
BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L.	<u>22,55</u>	<u>0,29</u>	<u>22,84</u>

CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L.	<u>18,2</u>	<u>5</u>	<u>23,2</u>
-------------------------------	-------------	----------	-------------

Vista a proposta formulada por parte do órgano encargado da negociación da que se desprende que a oferta económica formulada pola Empresa de maior valoración, Construcciones D. Ogando S.L., ten carácter de temeraria polo seu importe de Setenta e nove mil trescentos cincuenta e sete euros con once céntimos (79.357,11 €) que supón unha baixa de Corenta mil seiscentos noventa e cinco euros con trece céntimos (40.695,13 €) en relación co tipo de licitación ,

Á vista dos antecedentes a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1) Presumir que a proposición da Empresa Construcciones D. Ogando S.L. con CIF B15209794 e domicilio social na localidade de Senande, 170 do Termo Municipal de Muxia, CP 15124, pode non ser cumprida como consecuencia desta baixa e polo tanto considerala, de principio, como desproporcionada.-

2) De conformidade co previsto na Clausula 15.5.1 notificarase esta circunstancia á citada Empresa para que no prazo de Cinco días hábiles a partir do día seguinte o recibo deste acordo, xustifique ante esta Corporación dita oferta acompañando a documentación a que se refire a Clausula 15.5.3 do Prego que serve de base para a licitación.-

5º.- Expediente contratación Obra Urbanización da Insua 2ª Fase.--

Examinado o expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar o Proxecto e Gasto para a Obra denominada "Urbanización Camiño da Insua - Mellora do Segundo Tramo " cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Cincuenta e oito mil setecentos setenta e seis euros con trinta e cinco céntimos (58.776,35 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, redactado pola Arquitecta que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación .--

2) Iniciar expediente por CONTRATO MENOR de conformidade co disposto nos Artigos 111 e 138 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.-

2.- Requerir as seguintes Empresas Capacitadas para que no prazo de Cinco días hábiles (5) contados a partires do seguinte ó do recibo de esta comunicación presenten as súas ofertas, en sobre pechado ou lacrado, dacordo co modelo que se acompañará a cada licitador :

DENOMINACIÓN	DOMICILIO SOCIAL
Hnos Meijide S.C.	Rúa do Prado, 4.- 15155 FISTERRA
Construcciones y Obras Andujar S.L.	Localidade de Vilariño s/n 15151 Dumbria
Búa Construcciones y Servicios S.L.	Localidade de Senra s/n Salgueiros 15151 DUMBRIA

Asimesmo no mesmo prazo deberán presentar a seguinte Documentación :

- Código de Identificación Fiscal.-

- Declaración responsable de que a Empresa non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas nos Artigos 146 e 60 do citado texto legal.-
- Certificación de estar ao corrente coas súas obrigas coa Seguridade Social.-
- Certificación de estar ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Pública.-

6º.- Expediente contratación Obra Camiños AGADER.--

Vista a Resolución dictada por parte do Director da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) de data 18 de Maio de 2017 sobre Concesión de Axudas polo importe de Trinta e sete mil cento trinta e sete euros (37.137,00 €) para levar a cabo a execución de Obras e Control de calidade das mesmas , a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Iniciar expediente de contratación mediante procedemento negociado para levar a cabo a Obra denominada " " Plan de mellora de camiños municipais 2017 - 2018 " cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Corenta mil cincocentos noventa e dous euros con cincuenta e tres céntimos (40.592,53 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, redactado pola Arquitecta que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación, en base ó Prego de Clausulas Administrativas particulares aprobado no seu día pola Excmá Diputación Provincial que consta no expediente.--

2) Publíquese Anuncio para a licitación no periódico " Diario de Bergantiños " para que por parte dos interesados poidan presentar a documentación prevista no Prego dentro do prazo de Oito días hábiles (8) contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no mesmo no citado xornal.-

3) De conformidade co previsto no Artigo 15.4 do Prego de Clausulas Administrativas determinar que o órgano encargado da negociación coa finalidade de avaliar as proposicións dos licitadores que poidan presentarse e formular proposta de adxudicación ante este órgano de contratación, estará integrado por :

Presidente

Alexandre Dominguez Lado.- Titular
Maria Rocio Mariño López.- Suplente

Vogais

Secretario Interventor da Corporación.-
Arquitecto/a Departamento Urbanismo
Secretario

O da Corporación ou funcionario en quen delegue.-

7º.- Asuntos varios.

CERTIFICACIÓN DE OBRA

Unha vez examinada e encontrándoa conforme por axustarse a realidade, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda prestar a súa aprobación a CERTIFICACION ÚNICA da Obra denominada " MELLORA CAMIÑO DA INSUA " dentro do Plan de Cooperación Municipal ás Obras e Servizos de 2016 (POS) por un importe total de Setenta mil euros (70.000,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debidamente asinada polo Contratista Adxudicatario, Búa Construcciones y Servicios S.L. e a Directora de Obra, Carolina Cajide Barbeito.-

Dése traslado deste acordo a Excmá Diputación a efectos do libramiento da Subvención provincial outorgada para dita finalidade.-

CESIÓN CONTRATO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE FISTERRA

Á vista da petición formulada por parte da Empresa EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L. con CIF B85097962 e domicilio social na rúa Perez Cepeda, 5 - 7 de A Coruña (CP 15004) sobre solicitude de Autorización para Cesión do Contrato administrativo formalizado no seu día con esta Corporación para a Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra en favor de ALFONSO BOTANA S.L., con CIF B70531595 e domicilio social no Edificio Citic (Campus de El Viña) s/n de A Coruña, (Código Postal 15071) e ,

Unha vez examinada a documentación presentada por parte da Empresa Alfonso Botana S.L., acreditativa da súa solvencia técnica e económica que figura no expediente,

Visto o Informe Favorable emitido por Secretaria Intervención que consta no expediente onde se determina :

1) Que quedan suficientemente acreditadas ditas solvencias para que se poida levar a cabo a Cesión a ó seu favor coa finalidade de rematar os traballos de Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra, actualmente aprobados provisionalmente polo Pleno da Corporación Municipal, xunto coa preparación da documentación pendente para a súa entrega na Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia incluídos os Informes regulamentarios en consecución da APROBACION DEFINITIVA do citado Plan Urbanístico.-

2) Que pola citada Empresa se cumpren con todos os requisitos que a efectos de cesión do contrato actual para dita finalidade se establece o Artigo 226 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de Novembro do Texto Refundido da Lei de Contratos do sector Público así como capacidade de contratación para con esta Administración Local,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

a) Autorizar ó Adxudicatario actual (EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L.) para que poida formalizar a Cesión do Contrato de consultoría e asistencia técnica para Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra e cartografía analítica a escalas 1/1000 e 1/2000 do Concello de Fisterra en favor da Empresa Cesionaria ALFONSO BOTANA S.L. CIF B70531595 e domicilio social no Edificio Citic (Campus de El Viña) s/n de A Coruña, (Código Postal 15071) de conformidade co previsto no Artigo 226.2 a) do citado Real Decreto e ao amparo da Disposición Adicional Segunda do mesmo.--

b) Notificar dito acordo as Empresas para o seu coñecemento e demais efectos facéndolles saber que a cesión deberá formalizarse en escritura pública de conformidade co disposto no Artigo 226.2 d) do citado Real Decreto.--

c) Que a Empresa Cesionaria quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían á cedente (Artigo 226.3).-

SERVIZOS SOCIAIS

- Visto o Informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación , a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. I. S. O., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para sufragar gastos de desprazamentos que son necesarios para a súa asistencia UAD da localidade de Carballo, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

Dita axuda lle será ingresada na Conta que teña a súa nai dada a situación de que se trata.-

O acordo adoptáse sen a presenza do Tenente Alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira dado o seu parentesco coa solicitante.-

- Visto o Informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación , a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M.T.T., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Cincocentos trinta e tres euros (533,00 €) para sufragar gastos co motivo de adquisición dunhas gafas, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

Deberá presentar a Factura xustificativa expedida pola Óptica correspondente.-

- Visto o Informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a C. C. C., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Cento setenta e catro euros (174,00 €) para sufragar gastos co motivo de adquisición dunhas gafas, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

Deberá presentar a Factura xustificativa expedida pola Óptica correspondente.-

SUBVENCION TECNICO DE EMPREGO

Á vista da Orde do 11 de Setembro de 2017 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento

local para o exercicio 2017 publicada no Diario Oficial de Galicia 183 do 26 de Setembro de 2017 por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria , a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Aprobar a memoria redactada para o Plan de Acción de Emprego que desenvolverá o Axente Local nesta materia dentro desta Corporación e comprensiva dos aspectos contidos no artigo 7º - 1 b) da citada Orde cun custo anual de prórroga en contratación que ascende a cantidade de Trinta mil novecentos corenta e oito euros con doce céntimos (30.948,12 €) en concepto de Salarios e cotizacións empresariais á Seguridade Social.-

2º.- Solicitar á citada Consellería unha Subvención por importe total de Sete mil setecentos trinta e sete euros con tres céntimos (7.737,03 €) para dita finalidade equivalente ó 25 % do presuposto total da súa contratación.-

3º.- Compromiso firme de aportación municipal da cantidade de Vinte e tres mil douscentos once euros con nove céntimos (23.211,09 €) con cargo ó Presuposto Ordinario de 2017 onde existe consignación para dita finalidade.-

4º.- Facultar ó Alcalde para que no nome e representación deste Concello proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

VADOS PERMANENTES

ALTAS

A) Visto o escrito presentado co número 2621 (RE) de 7/9/2017, por **Juan Angel Crespo Castreje**, , no que solicita **autorización para a instalación dun vado permanente de 3 metros de longo, para unha superficie interior de 87 m2**, que facilite a entrada e saída de vehículos do garaxe da edificación con referencia catastral número 8507718MH7580N0001PT.

Tendo en conta que o informe favorable que emitíu a arquitecta que presta servizos en materia urbanística neste concello o pasado día 7/9/2017, do que consta unha copia no expediente, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

1º Conceder a Juan Angel Crespo Castreje, licenza para a instalación do vado permanente número 4/2017 (chapa número 123) de 3 metros de longo, para unha superficie interior de 87 m2, coa finalidade de facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe da edificación, condicionada a que:

a) Deberá instalar, na porta, fachada ou construción de que se trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Deberá rebaixar o bordo da beirarrúa en toda a anchura do vado, ata quedar a cota a 0,00 metros sobre a rasante da calzada. Para a execución de tales obras, así como, para o rebaixe da beirarrúa e reforzo dela, deberá solicitar o correspondente permiso de obras, tendo en conta que se repoñerá o pavimento existente na beirarrúa (baldosa, formigón, etc...), de xeito que non exista discontinuidade no pavimento do resto da beirarrúa.

c) Non se permite en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.

d) As obras de execución do vado deberán realizarse de acordo coas condicións que se sinalen na licenza e en todo caso de conformidade co disposto na Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras, e o Decreto 35/2000, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

e) O titular está obrigado a:

-Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os danos que lle cause.

-Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.

-Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condicións e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.

-Incluído no Padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2017, cunha cota anual de **sesenta e catro euros** (64,00 €).

-Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.

-Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o periodo de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicite a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.

-Os usuarios do vado e demais espazos destinados a acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terá, en todo caso, carácter preferente.

2º Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar as placas de cada un dos vados e colocalas nas inmediacións do vado permanente.

3º Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer

B) Visto o escrito presentado co número 2032 (RE) de 6/7/2017, por **Rosa Tamara Romero Santos**, no que solicita autorización para a instalación dun vado permanente de 3 metros de longo, para unha superficie interior de 24,50 m², que facilite a entrada e saída de vehículos do garaxe da edificación, con referencia catastral número 8505302MH7580N0001TT.

Tendo en conta que o informe favorable que emitíu a arquitecta que presta servizos en materia urbanística neste concello o pasado día 7/9/2017, do que consta unha copia no expediente, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

1º Conceder a Rosa Tamara Romero Santos, licenza para a instalación do vado permanente número **5/2017** (chapa número **124**) de 3 metros de longo, para unha superficie interior de 24,50 m², coa finalidade de facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe da edificación, condicionada a que:

a) Deberá instalar, na porta, fachada ou construción de que se trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Deberá rebaixar o bordo da beirarrúa en toda a anchura do vado, ata quedar a cota a 0,00 metros sobre a rasante da calzada. Para a execución de tales obras, así como, para o rebaixe da beirarrúa e reforzo dela, deberá solicitar o correspondente permiso de obras, tendo en conta que se repoñerá o pavimento existente na beirarrúa (baldosa, formigón, etc...), de xeito que non exista discontinuidade no pavimento do resto da beirarrúa.

c) Non se permite en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.

d) As obras de execución do vado deberán realizarse de acordo coas condicións que se sinalen na licenza e en todo caso de conformidade co disposto na Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras, e o Decreto 35/2000, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

e) O titular está obrigado a:

-Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os danos que lle cause.

-Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.

-Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condicións e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.

-Incluído no Padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2017, cunha cota anual de **corenta e nove euros** (49,00 €).

-Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.

-Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o periodo de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicite a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.

-Os usuarios do vado e demais espazos destinados a acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terá, en todo caso, carácter preferente.

2º Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar as placas de cada un dos vados e colocalas nas inmediacións do vado permanente.

3º Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer

RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL

Visto o escrito presentado co número 2282 (RE) de 1/8/2017 por **Sofía Vázquez García**, no que solicita a responsabilidade patrimonial deste concello polos danos ocasionados no seu vehículo marca Seat, modelo Leon 1.6, matrícula 0381-CPB debido a unha saída de vía o pasado 29/7/2017 ás 1:30 horas, á altura da casa Santalla debido á mala sinalización dun vadén.

Visto o informe emitido pola Policía Local o pasado 31/8/2017, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Non acceder ao solicitado pola interesada e denegar a responsabilidade patrimonial desta corporación en base a que existe unha sinal vertical da existencia do badén, ademais de que nesa zona está prohibido circular a máis de 30 km/h.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

VENDA AMBULANTE - RENOVACIÓN ANUAL (2º TURNO)

Vistos os expedientes individuais iniciados coa finalidade de renovar os postos que se ocupan na venda ambulante deste concello para o ano 2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polas persoas interesadas e conceder autorización para realizar a venda ambulante neste concello durante o ano 2017, ás persoas que de seguido se indican:

NUM/ MTS	INTERESADO DNI/CIF/NIE	DOMICILIO	ACTIVIDADE
1 6 MTS	MARTIN SIMOES, Angelo Filipe	A Laracha	663.9 MOBLES
3 8 MTS	LEMA AGUILAR, Luz María	Arteixo	663.9 TEXTIL
6 14 MTS	JIMENEZ BORJA, Beatriz	AMES	663.2 TEXTIL
8 8 MTS	JIMENEZ DE LEON, Mª. Purificación	AMES	663.2 TEXTIL
12 8 MTS	ROSILLO JIMENEZ, Juan Ramón	Santiago	663.2 TEXTIL
14 6 MTS	ROSILLO FERRERUELA, Ramón	Santiago	663.2 TEXTIL
15 15 MTS	SANTOS LEMA, Francisco	Camariñas	663.2 TEXTIL
16 6 MTS	ROSILLO FERRERUELA, José Luís	Santiago	663.2 TEXTIL
18 10 MTS	FERNANDEZ FERNANDEZ, Montserrat	Milladoiro - AMES	663.2 TEXTIL
20 10 MTS	LOUGZILLI RIDA, Jillali	A Baña	663.2 TEXTIL

23 8 MTS	FRANCO GONZALEZ, Manuel	Dumbria	663.1 ALIMENTACIÓN
24 10 MTS	MOUMNI BELAIDE, Soumia	Arteixo	663.2 TEXTIL
28 6 MTS	GUEYE LO, Khadim	A Coruña	663.9 MERCADURIAS
30 10 MTS	OTERO SANTANDRE, Lourdes	Teo	663.2 TEXTIL
31 12 mts	RODRIGUEZ GONZALEZ, Antonio	Carballo	663.9 MERCADURIAS
33 7 MTS	VAZQUEZ RABUÑAL, Albina	Santa Comba	663.2 TEXTIL
38 16 MTS	PEREIRA TAJES, Juan Ramón	Vimianzo	641 ALIMENTACIÓN
39 4 MTS	DAME DIOP, Medou	A Coruña	663.9 MERCADURIAS
41 7 MTS	GUEYE, Abdou	A Coruña	663.9 MERCADURIAS
42 8 MTS	FERNANDEZ FERNANDEZ, Rubén	AMES	663.2 TEXTIL
43 5 MTS	DIOS GONZALEZ, Isidoro	Cee	663.2 TEXTIL
44 8 MTS	SALAZAR ROSILLO, M ^a . Sonia	Milladoiro - AMES	663.2 TEXTIL
45 6 MTS	JIMENEZ SILVA, Eva M ^a	Santiago	663.2 TEXTIL
47 6 MTS	FERRERUELA FERNANDEZ, Enrique	Santiago	663.2 TEXTIL

2º) Notificar este acordo ás persoas interesadas para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poidan interpoñer.

LISTA DE ESPERA

A Visto o escrito presentado co número **2464** (RE) de **22/8/2017** por **Augustinian Narcis Ciurar**, da localidade de Arteixo (C.P.: 15.142), na que solicita un posto na venda ambulante para adicarse a venda de produtos textil e mercaderías.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **acorda**:

1º) **Incluilo na lista de espera da venda ambulante co número 86**, para adicarse á venda de produtos de textil e mercaderías.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Visto o escrito presentado co número **2465** (RE) de **22/8/2017** por **María Transito Ferreruela Salazar** da localidade de Santiago de Compostela (C.P.: 15.702), na que solicita un posto na venda ambulante deste concello para adicarse á venda de produtos textil.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **acorda**:

1º) **Incluila na lista de espera da venda ambulante co número 87**, para adicarse á venda de produtos de textil e mercaderías.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

C) Visto o escrito presentado co número **2771** (RE) de **22/9/2017** por **Jeremias Barrul Barrul**, da localidade de A Coruña, na que solicita un posto na venda ambulante para adicarse a venda de produtos textil e mercaderías.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **acorda**:

1º) **Incluilo na lista de espera da venda ambulante co número 88**, para adicarse á venda de produtos de textil e mercaderías.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 22:00 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.